

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE ABRIL DE 2016

Apróbase/Acórdase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 3 de marzo de 2016.
2. O nomeamento do Prof. Dr. Luis Rodríguez Ennes como Decano Honorífico da Facultade de Dereito.
3. Os novos procedementos de xestión académica e docencia propostos pola Área de Calidade:
 - a. PC-AC-0104 P1: Acceso e admisión
 - b. PC-AC-0201 P1: Matrícula
 - c. PC-AC-0401 P1: Expedición de títulos oficiais
 - d. DO-0101 P1: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais
4. O calendario académico da Facultade de Dereito para o curso académico 2016-2017.
5. A normativa de composición e funcionamento da comisión de coordinación do programa conxunto de estudos oficiais ADE-Dereito (PCEO).
6. As cuantías asignadas ás áreas xurídicas da partida orzamentaria de mobiliario e equipamento.
7. A delegación na Comisión Permanente da Xunta de Facultade dos seguintes asuntos:
 - a. O procedemento de matrícula en materias optativas para o curso académico 2016-2017.
 - b. Os asuntos que afecten á acreditación do Máster universitario en avogacía vinculados ao Plan de Melloras.
8. A adhesión da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo á proposta de concesión do "Premio Princesa de Asturias de Ciencias Sociais 2016" ao Prof. Dr. Manuel Olivencia Ruiz, membro honorífico do claustro de profesores.

Ourense, 8 de abril de 2016

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 7 de abril de 2016 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 8 de abril de 2016.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.